

# Arteterapia: artes plásticas no manexo do deterioro cognitivo leve

Resumido por: Vázquez Castelo AM, Paz Valiñas L, Faraldo Vallés MJ, Mejuto Martí T. Arteterapia: artes plásticas en el manejo del deterioro cognitivo leve, Madrid: Ministerio de Sanidad. Santiago de Compostela: Agencia Gallega para la Gestión del Conocimiento en Salud, ACIS, Unidad de Asesoramiento Científico-Técnico, Avalia-t; 2026. (Colección: Informes, estudios e investigación. Ministerio de Sanidad).

PDF na seguinte ligazón: [https://runa.sergas.gal/xmlui/bitstream/handle/20.500.11940/23062/avalia-t\\_22PS\\_Arteterapia\\_DEF\\_NIPOTRAMITE.pdf?sequence=2&isAllowed=y](https://runa.sergas.gal/xmlui/bitstream/handle/20.500.11940/23062/avalia-t_22PS_Arteterapia_DEF_NIPOTRAMITE.pdf?sequence=2&isAllowed=y)

## NOME DA TÉCNICA CON PRETENDIDA FINALIDADE SANITARIA

Arteterapia: as artes plásticas no manexo da deterioración cognitiva leve.

## DEFINICIÓN DA TÉCNICA E INDICACIÓNS CLÍNICAS

A arteterapia, na súa modalidade de artes plásticas, utiliza a creación artística (pintar, debuxar, modelar barro etc.) con fins terapéuticos. Realízase co soporte dun profesional e procura favorecer a expresión persoal, as emocións e estimular a mente.

Neste informe revisouse a súa posible utilidade en persoas maiores con deterioración cognitiva leve, unha situación na que aparecen esquecementos ou problemas de atención, pero que non chega a clasificarse como demencia.

## CALIDADE DA EVIDENCIA

Os estudos dispoñibles son limitados. Inda que existen ensaios clínicos aleatorizados, estes inclúen poucos participantes, aplican a terapia de maneira diversa e presentan un risco de nesgo de moderado a alto. Ademais, os estudos difiren en formato, estrutura e compoñentes.

## RESULTADOS CLAVE

A arteterapia podería considerarse unha práctica segura, sen efectos adversos coñecidos.

Os estudos dispoñibles suxiren que podería mellorar algunhas funcións cognitivas, como a memoria inmediata, a atención, a facilidade para comunicarse e, en menor medida, a capacidade xeral de pensar.

Estes beneficios obsérvanse principalmente en comparación con persoas que non realizan ningunha actividade de estímulo cognitivo. Cando se compararon con outras actividades, como exercicios grupais ou crebacabezas, os resultados foron similares, inda que non sempre consistentes en todos os estudos. Non se observaron mellorías claras na memoria a longo prazo nin nas habilidades visoespaciais.

## CONCLUSIÓN

A arteterapia con artes plásticas é unha intervención segura que podería axudar a estimular a memoria inmediata, a atención e outras funcións mentais en persoas con deterioración cognitiva leve. Porén, os estudos dispoñibles son insuficientes para confirmar con certeza a súa eficacia.

